



MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

HORARIO DE ATENCIÓN:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra:

- NO MES DE MAIO: O MARTES 19.

Obrigatorio asistir con cita previa. Reservas no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h.).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

■ A Real Academia Galega elixiu homenaxear á xornalista e escritora **Begoña Caamaño Rascado** para conmemorar o "Día das Letras Galegas" como cada 17 de maio.

Autora das obras literarias *Circe ou o Pracer do Azul* (2009) *Morgana en Esmelle* (2012) e *Pel con Pel* coautora xunto a Alfredo Ferreiro, Dores Tembrás, Eduardo Estévez, Fran-

cisco Castro, Leticia Costas, Marta Dacosta, Román Raña, Xosé María Álvarez Cácamo e Yolanda Castaño (2010).

Podes atopar toda a información sobre a atenta lectora, a feminista que soña outro futuro, a xornalista rigorosa e a activista por un escenario de vida máis xusta na páxina web da Real Academia Galega.

A XANELA DA LINGUA...



ASÍ FOI MUNICIPAL



Sinatura da toma de posesión da primeira secretaria muller habilitada nacional de Vedra.



Comezaron as xuntanzas do alcalde polas 12 parroquias de Vedra.



Presentación do Campus de baloncesto C33 de Alberto Corbacho en Vedra.



Curso de robótica Lego Wedo impartido pola Deputación da Coruña.



Encontro do alcalde de Vedra co Presidente da Xunta de Galicia.



Primeira cita do Ciclo de Empresas con Historia no "Centro de Emprendemento A Estación" na Destilería de Pepe Albela.



Asistencia de Vedra como entidade convidada pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela ao evento organizado en Donegal (Irlanda) no marco do proxecto ATLIC. Ao citado evento asistiu a Presidenta do país, Catherine Conolly así como representación de todos os países socios.



Formación en IA para a cativada na Aula Cemit de Vedra.



Programa Camiños do Coñecemento en Vedra.



Reunión de traballo dos Concellos da Subzona Ribeira do Ulla da D.O. Rías Baixas en Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA



Algunha das actividades das Xornadas Técnicas Arredor da Cultura do Viño



A XLIV Exaltación da Festa do Viño da Ulla.



70 anos da Canción Galega. Festival da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla en colaboración co CEIP Ortigueira.



A Asociación Amigos da Camelia Val do Ulla presente no 25º aniversario da Sociedade Española da Camelia (SEC).



Excursión da Asociación O Burgo a Vilalba.



Acto de Presentación do IV Torneo F11 Sub12 organizado pola Vedra-Boqueixón ED.

Cultura



LETRAS GALEGAS 2026

- **Festival das Letras Galegas.**
Sábado 2 de maio ás 19:00 h.
 - Coral Municipal Brisas do Mar de Camariñas.
 - Coral Polifónica Abraira (Rianxo).
 - Coral da Terceira Idade de Vedra.
- **Radio comunitaria nas escolas "En galego...hai Vedra" co Voluntariado Interxeracional.**
Ao longo do mes de maio.
- **Presentación do libro: "Memorias dun porco teixo" de Xosé Manuel Felpeto.**
Venres 22 de maio ás 11:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.
- **Actuación dentro do Programa "FalaRedes" da Secretaría Xeral da Lingua.**
Venres 22 de maio no CEIP Ortigueira.
- **Proxección do documental "Basal" de Óscar Górriz e A Pedreira. Deputación da Coruña.**
Xoves 4 de xuño ás 20:00 h.
 - "Basal" é un documental que retrata a vida da cantautora Ugia Pedreira, coñecida como A Pedreira, xunto á súa filla Lua Awel, que ten parálise cerebral e unha relación "curiosa e espléndida" coa música.



SABÍAS QUE...

■ VEDRA OFERTA UNHA CAMPAÑA PARA IDENTIFICAR E PROTEXER A TÚA MASCOTA...

IDENTIFICA Á TUA MASCOTA, PROTÉXEA SEMPRE

POÑERLE O MICROCHIP COA CAMPAÑA MUNICIPAL MENOS DE 30 EUROS

NON POÑERLE O MICROCHIP SANCIÓN DE ENTRE 10.00 EUROS E 50.000 EUROS

IDENTIFICAR AO TEU CAN OU GATO NON É OPCIONAL, É UNHA OBRIGA LEGAL

INFÓRMATE NO CONCELLO DAS OPCIONS PARA FACELO DUN XEITO MÁIS ECONÓMICO

Concello de Vedra PROTECCIÓN ANIMAL

CONTINUÁN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

■ Continúa este espazo no que o noso alcalde propón xuntarse coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra para tratar temas de interese xeral e para dar respostas a todas as cuestións plan-

texadas. Entre outras cuestión falarase de posibles modificacións do PXOM. **OLLO!! DEBIDO A CIRCUNSTANCIAS ALLEAS Á ORGANIZACIÓN, O CALENDARIO DE CITAS SUFRIU MODIFICACIÓNS.**

DATA	LUGAR	HORARIO
Martes, 12 de maio	Local Social de San Xián	Ás 20:30 horas
Martes, 19 de maio	Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Xoves, 28 de maio	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas
Martes, 2 de xuño	Local San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves, 4 de xuño	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Martes, 9 de xuño	Casa da Cultura de San Miguel	Ás 20:30 horas
Martes, 16 de xuño	Casa da Cultura de Santa Cruz	Ás 20:30 horas
Xoves, 25 de xuño	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Martes, 2 de xullo	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Mércores, 8 de xullo	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Luns, 13 de xullo	Centro Sociocultural de Vedra	Ás 20:30 horas

VIAXA NA PONTE DE OUTUBRO A EUROPA

■ **REQUISITO IMPRESCINDIBLE...** Ter + de 30 anos e menos de 65!

- Tes a sensación de que todas as alternativas de ocio e tempo libre sempre están pensadas para outros colectivos.
- Sempre tes unha obriga e non atopas un pequeno oco para viaxar?
- Queres viaxar sen ter que organizar nada?
- Gústache participar de experiencias en grupo?

POIS ESTA É A TÚA!! REUNIÓN INFORMATIVA O MÉRCORES 20 DE MAIO ÁS 19:30 HORAS NA CASA DO CONCELLO. NON FALTES!!

Nela falaremos de posibles destinos, prezos,... E se tes que faltar e queres saber de que vai o conto, chama ao 981814698 e informáremoste!!



FIN DE ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

■ Con maio chegará a clausura das actividades das escolas deportivas municipais.

- **Festival de Multideporte.** O luns 25 de maio no pavillón municipal ás 17:00 h.
- **Festival de Ximnasia Rítmica.** O mércores 27 de maio no pavillón municipal ás 17:30 h.

- **Festival de Patinaxe.** O xoves 28 de maio no pavillón de Lestedo ás 17:30 h.
- **Festival de Baloncesto:** O venres 29 de maio no pavillón municipal ás 18:00 h.

Os horarios poden sufrir algunha modificación, que sería compartida coas persoas usuarias da actividade.

O GRUPO DE SENDEIRISMO COMEZA O “CAMIÑO INGLÉS” O SÁBADO 9 DE MAIO

■ Infórmate sobre esta actividade antes do 5 de maio no teléfono 981 814 691.

Horarios e puntos das paradas do bus:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas
- Parada no Breixo ás 07:45 horas
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.



CAMPUS DE BALONCESTO C33 DE ALBERTO CORBACHO EN VEDRA

CAMPUS ALBERTO CORBACHO

AC33 HICKORY

1ª EDICIÓN

VEDRA

22-27 JUN

BALONCESTO, FORMACIÓN Y EXPERIENCIA

www.ac33camp.com

Logos: Argentinos, AC33, HICKORY, C33, Concello de Vedra, BASKETBALL, NATURAL, FH COLLECTION

Medio Ambiente

LOITA CONTRA A VELUTINA

INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.

Se atopas un niño de velutina chama ao 012

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.

ELABORACIÓN DE ATRAINTES

TIPO 1

1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2

180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir)

1 pinga de deterxente + 1 cullerada de vinagre

Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

EN MAIO... NOS PAÍSES BAIXOS CON CRISTINA GARCÍA ALBELA

■ **Protagonista:** Cristina García Albela, San Fins de Sales.

Destino: Dongen, Países Baixos.

Partida: Ano 2020.

Obxectivo ou motivo da partida:

A súa viaxe comezou en 2013, cando con 18 anos foise a Madrid para estudar o grado de Enxeñería Mecánica na Universidade Politécnica. Ao comezo do quinto ano, combinando prácticas nun equipo de F3/F4 cun proxecto de investigación na universidade, comezou a pensar: *“Cristina, estás demasiado cómoda nesta cidade, tes que saír de aquí!”*.

En setembro de 2018 comezou o Mc Máster Erasmus Mundus en Métodos numéricos e Mecánica computacional en Barcelona, na UPC, no que era a única europea nunha clase de 20 persoas. En Setembro do 2019, chegou o salto ao extranxeiro, mudándose a Nantes (Francia); e logo de 7 meses, en Febreiro de 2020, chegaría a Eindhoven (Países Baixos), onde realizaría o seu traballo de fin de máster.

A chegada aos Países Baixos non foi fácil, xa que lle coincidiu co primeiro gran pico da COVID en Europa. Aínda así, ao rematar o traballo de fin de máster, buscou traballo pola zona, que resultou estar chea de oportunidades! Pouco a pouco a situación de emerxencia foise relaxando, e a súa vida en Eindhoven foi mellorando. En 2022, de volta á oficina, coñeceu ao que agora é a súa parella, un neerlandés chamado Sander. E así foi como no verán de 2023, acabou por mudarse ao que hoxe é o seu fogar en Dongen, un pobo duns 30.000 habitantes na provincia de Noord-Brabant, ao sur do país.

Alí viven, xunto ca súa querida gata Marcella, nunha zona tranquila e



familiar, na que, a diferenza de Eindhoven, hai moi poucos estranxeiros e onde experimenta o que realmente é “a vida holandesa”. Traballa como enxeñeira nunha empresa chamada ASML (Veldhoven), que conta con mais de 20.000 traballadores de todas as nacionalidades.

Reflexión: Un pensamento que me ronda ultimamente é sentir que, agora, o meu fogar está nos Países Baixos, e non en Galicia. É un sentimento agri doce; as veces véxoo case como unha traizón, outras como unha gran vitoria! Penseo: *“como pode ser que cando falo da “miña casa” xa non me refira á casa de San Fins?”*.

As primeiras paradas desta “viaxe” que comecei con 18 anos eran temporais e non me daban que pensar. Pero despois de coñecer ao meu mozo, e empezar a construír o noso fogar xuntos aquí, as tornas empezaron a cambiar. Agora xa non só me emocionoo ao marchar de Galicia para Países Baixos, senón que tamén o fago de Países Baixos para Galicia; o que me faltaba!

Pero que podo dicir! Oxalá nunca deixe de derramar esa “pequena bágoa” ao subir ao avión en Santiago, porque por moito que a miña vida continúe fóra, Galicia, e en es-

pecial Vedra, sempre será o meu lugar ao que volver.

Anécdota: O ano pasado estaba xogando un torneo de pádel en Dongen. Durante a cerimonia de premios, o señor da megafonía dixo en neerlandés algo como “grazas por participar no primeiro torneo internacional de pádel de Dongen”. Eu pensei, “que di este home de internacional, si aquí non hai ninguén de fora”. Logo, tomando algo, grazas a un par de amigos deime conta de que o de internacional ía por min, porque en Dongen poucas veces podes dicir que hai un participante estranxeiro (e menos aínda Español) no seus torneos de pádel!

Información sobre a sección...

Cada mes contamos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso territorio. Cántanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo. Escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.





ACHÉGASE O VERÁN...

■ Bótalle un ollo a todas as ofertas coas que Vedra conta para conciliar, para gozar,...

Propostas municipais:

■ LUDOVERÁN

Durante todas as vacacións escolares a Ludoteca Municipal muda o seu horario para as mañás e así ofrecer unha opción de conciliación.

O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 31 de maio. Tes máis información na sección de servizos sociais deste exemplar do boletín e todo canto precisas para completar o proceso na web municipal.

■ PISCINA MUNICIPAL

Nos meses de xullo e agosto en horario de tarde todos os días (agás en caso de mal tempo).

Toda a información sobre tarifas, abonos e moito máis no vindeiro boletín.

■ CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN

Diferentes posibilidades para a mocidade dos 8 aos 18 anos para gozar de experiencias de tempo libre diferentes.

O prazo de inscrición previa xa está pechado.



Propostas asociativas:

■ ACAMPARTE 2026

A Anpa do CEIP Ortigueira volve con esta oferta lúdica que mestura arte e festa na fermosa contorna do seu colexio.

ACAMPARTE FEST
CEIP ORTIGUEIRA

do 01 ao 31
XULLO 2026

HORARIO
de 10 a 14 horas
servizo madruza baixo demanda

PREZOS

PERSOAS SOCIAS	PERSOAS NON SOCIAS
110€ · MES	190€ · MES
85€ · QUINCENA	120€ · QUINCENA
65€ · SEMANA	85€ · SEMANA

*20% desconto segundo irmán/irmá

INSCRICIÓN
624 31 35 93
ceip.ortigueira.anpa@gmail.com

ANPA ORTIGUEIRA | Inacos | Concello de Vedra | Deputación DA CORUÑA | IGUALDADE DE XENERO

■ ESCOLA AMBIENTAL AMABUL 2026

Un ano máis a Casa das Artes recibirá este xullo este modelo de campamento de verán con aventura, natureza e verán.

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL
Xullo 2026 - Casa das Artes (Vedra)

CAMPAMENTO BENXAMÍN
(Nenas/os nadas/os entre 2020 e 2022)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nadas/os entre 2014 e 2019)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Mozas/os nadas/os antes de 2014)

Aventura, natureza e verán

- Excursión semanal a un espazo natural da comarca.
- Excursión quincenal de día completo á praia.
- Pernocta quincenal para o grupo xuvenil.
- Gran pernocta final para todos os grupos.
- Actividades de piscina e de caiaos no Ulla.
- Actividades de convivencia e exploración no medio natural.
- Xogos, retos, obradoiros e xincanas na natureza.

Posibilidade de servizo de transporte e conciliación para familias.
PRAZAS LIMITADAS - MAIS INFO E INSCRICIÓN: www.amabul.org

AMABUL programa de capacitación ambiental | Concello de Vedra

VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

■ Exposición de fotografía "José de Lucía: artesán, músico e fotógrafo".

- Do 7 ao 29 de maio (Voluntariado Interxeracional).
- Inauguración: 7 de maio ás 20:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.

Obradoiro-demostración de cociña: "O sabor da camelia".

- Martes 5 de maio ás 19:30 h. no Centro Sociocultural de Vedra.

- Elaboración e degustación de receitas con camelia (Voluntariado Interxeracional).
- Obxectivo: Explorar as utilidades gastronómicas da camelia como elemento de innovación e de posta en valor dos recursos locais.

Inscripcións en voluntariado@concellodevedra.gal ou no 981 814 695 – 981 814 691.

Prazas limitadas.

VOLUNTARIADO SÉNIOR

■ Se tes 55 ou máis anos ámate a participar no programa de Voluntariado Sénior. É unha oportunidade para promover a cultura solidaria e a participación activa na acción voluntaria.

Desenvolveranse accións de voluntariado de acompañamento e orientadas á innovación e investigación en relación co benestar das persoas maiores, e tamén a promover actividades destinadas a eliminar estereo-

tipos sobre as persoas maiores creando unha imaxe máis social e dinámica deste colectivo.

As persoas voluntarias contarán con seguro de accidentes e de R.C., formación e terán cubertos os gastos de dietas e desprazamentos.

Para máis información e inscricións: voluntariado@concellodevedra.gal e 981 814 695

Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

Programación maio!

■ CHARLA "O QUE GOOGLE SABE DO TEU SITIO WEB (E TI NON)"

- **Data e lugar:** martes 5 de maio ás 20:00 h. no Centro da Estación.

E seguiremos profundando nunha das principais ferramentas gratuítas de Google, Search Console. Xa sabemos para que serve e nesta segunda sesión integrarémola con ferramentas de intelixencia artificial para obter datos relevantes.

Aprenderemos a obter informes relevantes con intelixencia artificial a partir dos datos obtidos.



O que Google sabe do teu sitio web (e ti non).

II Sesión.

05 de maio de 2026 ás 20:00
No Centro Emprendemento A Estación
Santa Cruz de Ribadulla

Inscripcións:
aestacion@concellodevedra.gal



■ CICLO EMPRESAS CON HISTORIA

- **Data e lugar:** mércores 13 de maio ás 19:30 h. na Adegas Chaos.

No mes de maio, o ciclo Empresas con Historia ten como protagonista á Adegas Chaos. Unha empresa familiar dirixida por María Valdés que naceu en 2024, pero que o fixo con toda a tradición vinícola da familia e da zona ás costas. A súa filosofía é clara: combinar os métodos dos seus avós coas tecnoloxías actuais



EMPRESAS CON HISTORIA

ADEGAS CHAOS

Día: 13 de maio ás 19:00 horas
Lugar: Adegas Chaos, Lugar de Chaos 3.
San Mamede de Rivadulla.

Ven a coñecer esta adega con historia da man dos seus promotores e descubre como traballan no día a día.

As prazas son limitadas. Pregamos que vos inscribades no correo aestacion@concellodevedra.gal



Emprendemento

para elaborar un viño sostible, respectuoso e con personalidade propia.

As prazas son moi limitadas.

Escribe canto antes a aestacion@concellodevedra.gal

■ XORNADA “PROTECCIÓN DE DATOS”

- **Data e lugar:** martes 19 de maio ás 20:00 h. no Centro da Estación.

Se o mes pasado se falou de cumprimento legal, en maio continuamos co fío. Esta vez o tema é a protección de datos: un asunto que afecta a calquera negocio e que moitas veces deixamos para despois.

Destá xornada participará Alfredo Losada Suárez, avogado especialista en protección de datos, que nos vai poñer ao día sobre as últimas novidades: cando aplica a lei, que obriga a cumprir coa normativa sen volverte tolo. E por suposto, haberá tempo para resolver todas as dúbidas.

XORNADA PROTECCIÓN DE DATOS

Contamos con **Alfredo Losada Suárez**, avogado no despacho LMT Abogados de A Coruña e especialista en protección de datos

Protéxete a ti
Protéxete os teus datos

LUGAR: Centro de Emprendemento A Estación, Santa Cruz de Ribadulla -Vedra-
DÍA e HORA: Martes 19 de maio as 20:00

Veremos da man dun especialista as novidades en materia de protección de datos: cando aplica a lei, como protexer a información e cumprir coa normativa.

Resolve todas as túas dúbidas!

PREGAMOS QUE CONFIRMEDES ASISTENCIA NO CORREO AESTACION@CONCELLODEVEDRA.GAL

Logo de Concello de Vedra and LMT ABOGADOS.

Saúde

ESCOLA E-SAÚDE

■ CHARLA ALIMENTACIÓN NAS PERSOAS CON DISFAXIA”.

12 DE MAIO ÁS 17:00 HORAS NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA.

agadea Alzheimer

agadea LAB

ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS

charla e saúde:
ALIMENTACIÓN NAS PERSOAS CON DISFAXIA

Proporcionar aos cuidadores os coñecementos básicos sobre a disfaxia, a súa identificación e manexo, así como ferramentas prácticas para garantir unha alimentación segura e adaptada as persoas con dificultades de deglución

Dirixido a cuidadores/as e cidadanía en xeral

VEDRA

Centro sociocultural de Vedra
Avda Mestre Manuel Gomez Lorenzo,41 (O Burgo)-Vedra- A Coruña

12 de maio de 2026
Horario: 17.00 – 18:30 horas

Inscripción: Whatsapp ao 722883139 indicando nome a apelido, dni, dirección, teléfono e e-mail. Tamén en escolasaude.sergas.es

www.agadea.org



Servizos Sociais

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

Mércores 13 de maio.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 4 de maio de xeito presencial no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ **XXXIII Romaría da Terceira Idade de Vedra**


Sábado 16 de maio ás 12:30 h. no entorno do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

Programa: Misa, actuación musical de Marietta e xantar de confraternidade.

Menú tradicional: empanada, polbo, carne ao caldeiro, sobre-mesa, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.



- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un tícket que ten un custe de 20 €/participante. Para a retirada de tíckets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O

prazo estará aberto do 27 de abril ao 13 de maio.

■ **Bingo**

Xoves 21 de maio ás 20:00 h.

■ **Excursión á Peroxa e a Os Peares**

Mércores 10 de xuño.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas-

(O prazo de inscrición ábrese o 25 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

LUDOVERÁN

■ Achégase unha nova tempada de verán para este espazo que segue procurando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

Prazo de presentación de solicitudes: do 01 ao 31 de maio de 2026, ambos incluídos. As prazas son limitadas.

Lugares de presentación de solicitudes:

- A través da Sede Electrónica aloxada na web municipal www.concellodevedra.gal
- Presencialmente: CON PREVIA CITA (981 86 4693 ou 981 86 4612) no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei

39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

O modelo de solicitude está dispoñible na web municipal.

Para calquera información poñerse en contacto no tf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal





MULLER

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra** de luns a venres de 8:00 a 15:00 h.
- **CIM, centro de información á muller:**
 - **atención xurídica:** venres de 8:00 a 15:00 h.
 - **atención psicolóxica:** martes de 8:00 a 15:00 h. **TELÉFONO 981 814 693.**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar..
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

FESTA DA XUVENTUDE EN PONTE ULLA O 1 DE MAIO

VENRES 1 DE MAIO

FESTA DA XUVENTUDE 2026

PONTE ULLA

PASARRÚAS E SESIÓN VERMÚ
Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla

MISA SOLEMNE AS 13:00 H

TARDEO E VERBENA DESDE AS 19:30 H
Charanga OS ATREVIDOS

TANTO NOS TEN
Música Tradicional Furtiva

Dúo PUNTO ZERO

Fogos de artificio a cargo de Pirotecnia Penide

NOVIDADE:
A FESTA SERÁ NA
RUA DE PONTE
ULLA!

e se chove... que chova:
TEMOS CARPA

FESTA DA ORELLA EN SAN FINS DE SALES O DOMINGO 3 DE MAIO

36^a Festa 2026
da Orella

San Fins de Sales - Vedra
3 de maio

12:00 Apertura da festa
13:00 Recepción da corporación municipal.
13:30 Actuacións Musicais

SON DE GAITA
TRIO
MANHATTAN

GRUPO
UNIÓN Y FUERZA

Orella de Porco e Orella Doce
A Prezos Populares

Sorteo de **2**
PORQUÍÑOS

Haberá
POLBO e CHURRASCO
e máis produtos regados
con bo VIÑO DO PAIS

Cantina
a cargo
da Comisión de festas
Grandes Aparcadoiros

Organiza: **AFESA**
Colabora: Concello de Vedra, XUNTA DE GALICIA, DEPARTAMENTO DE CULTURA

FESTAS EN MERÍN O 2 e 3 DE MAIO

SAN CRISTÓBAL DE MERÍN 2026
San Antonio e San Pedro Martín

2 MAIO
SÁBADO

Misa solemne ás 13:00 h.
SESIÓN VERMUT COA ORQUESTRA CHANNEL
POLA NOITE GRAN VERBENA COA ORQUESTRA
FACENDO A SÚA PRESENTACIÓN DA TEMPORADA 2026
E CON JOSÉ MANUEL ABANICO

3 MAIO
DOMINGO

Misa ás 11:30 h. e Solemne ás 13:00 h.
SESIÓN VERMUT COA BANDA DE MÚSICA DE STA. CRUZ
DE RIBADULLA e o GRUPO DE PANDEREITEIRAS "SILANDEIRA"
TEREMOS SERVICIO DE PULPERÍA

FESTA DO PORCO Á BRASA EN TROBE O DOMINGO 17 DE MAIO

17 DE MAIO DE 2026

XVII FESTA DO
PORCO A BRASA

SAN ANDRÉS DE TROBE

PREGÓN **SORPRESA** ÁS 13:30
SESIÓN VERMÚ
XANTAR ÁS 14:00
TARDEO AMENIZADO CON

UNION Y
FUERZA

CON CANTINA A PREZOS POPULARES E VARIOS SORTEOS O LONGO DO DÍA
APARCADOIRO DE BALDE

ENTRADA ANTICIPADA: 30€ / EN TAQUILLA: 33€
NENOS ENTRE 6-12 ANOS: 15€
ATA 6 ANOS: GRATIS

O MENU INCLUE ENTRANTE, PORCO A BRASA, BEBIDA, CAFÉ
CHUPITOS E POSTRE

VENTA DE ENTRADAS ANTICIPADAS EN:

- BAR A DORNA (TROBE)
- BAR BARREIRO (SAN JULIAN)
- BAR CHAVES (LUOU)
- BAR O CRUCE (PUENTEVEA)

OU CHAMANDO AO 696907501 / 671378401
LOCAL MULTIUSOS DE TROBE

FESTA DO PULPO EN VEDRA O 24 DE MAIO

FESTA DO PULPO
no campo da festa de Vedra
domingo 24 de maio - 14:30 h.

Pulpo
Postre
Bebida
Café

RECOLLE O TEU TICKET nos puntos de venda habilitados
ou con calquer membro da comisión

Data límite para anotarse: domingo 17 de maio

Iniciativas das Asociacións



FESTIVAL MARCO OS DÍAS 8,9 E 10 DE MAIO COA ASOCIACIÓN "MARCO".
TODA A INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS EN WWW.FESTIVALMARCO.ORG

MARCO
08.09.10
MAIO.2026



VENRES 08

MAÑÁ: CASA MEYRE (VEDRA)
TARDE: MUÑO DO PASTEL (SAN PEDRO DE SARANDÓN)

10:00H. RUTA INFANTIL **PRESENTACIÓN "O MELLORINO de CADA CASA": arquitectura e auga** CPI de VEDRA

11:00H. CONVERSA **ARQUITECTURA e TERRITORIO** COLABORACIÓN CON VETA
BETSAIDA CURTO | ROSE COVELO | MARIA Fdez + ALEJANDRO BUSTELO
A PANDA DA DA AFG EQUIPO FORESTAL VETA

12:30H. CONVERSA **ARQUITECTURA e ETNOGRAFÍA**
CARLOS QUINTANS | SALGADO LINARES | FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS
NO CURSO DA ALGA LAVADOUROS PALOMAR

PROYECCIÓN **AO SON DA NOVA REGUEIFA** *** NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA***
DOS DIRECTORES MANOLO MASEDA + SAUL RIVAS

16:00H. LABINZO **taller 1: "USO, DESUSO, REUSO"** GRUPO DE TRABAJO COORDINADO POR:
ARROKABE + CARLOS SEORNE

17:00H. ADREDE **APERTURA EXPOS ARTISTAS VARIOS**

18:00H. OBRADOIRO **NÓS (foto de NÓS Stalbia)** BRAIS LORENZO | MIRAR O PATRIMONIO ANTIGO CON ROLLO DE VIDEO
+ BARRO e -DRAMA RENATA OTERO | TRABALLO CON BARRO COMO BENEFICAR EMOCIONAL
PIPA (Pintando PAicos) SORUSBYSEEK | MURAL EN COMUNIDADE, NO PALCO DA MUSICA DE SAN PEDRO
CONSTRUCIONS na NATUREZA CON ANACOS

19:00H. CONVERSA **MEMORIAS de VIDA da ALDEA** MODERA IVÁN DE SARANDÓN
VECIN@S DE VEDRA | VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

20:00H. CONVERSA **ARQUITECTURA DAFO: Un Abandono Falso Oportunidade** MODERA PILAR GARCÍA REGO
CASTELO CONTA-TABERNA RODRIGUEZ | LA BENEFICA DE PILOÑA
CASTELO DULLEREDO | PILONA ASTURIAS
CASA QUINTOS / ASOCIACIÓN SER | A CASA VELLA | CASTRO VILLAGE
VILELA, OS ANCARES AMIAOOSO, ALLARIZ | O SAVINAU

22:00H. CONCERTO **REGUEIFA AMBULANTE**
LUPE BLANCO | JOSINHOTA TEIXEIRA | MANOLO MASEDA

SÁBADO 09

CASA FLORENCIA (SAN PEDRO DE SARANDÓN)

10:00H. RUTA **"O MELLOR DE CADA CASA" (Ruta da arquitectura)**

RUTA **"O MELLORINO de CADA CASA": arquitectura e auga**
ESCOLA AMBIENTAL ARBOL
RUTA ETNO-POP

OBRADOIRO **DESEÑAR no LÍMITE (Entre o funcional e o simbólico .1)** PERSONALIZACIÓN DE MARCOS
CEN LITROS

16:00H. CONVERSA **taller 2: "HACKEAR O PATRIMONIO"** GRUPO DE TRABAJO COORDINADO POR:
CREUS E CARRASCO + FUNDACIÓN RIA

RUTA **"O MELLOR DE CADA CASA" (Ruta da arquitectura)**

ADREDE **APERTURA EXPOS ARTISTAS VARIOS**

ADREDE **OXIDO** | ARTURO ALVAREZ | ESCULTURA AO VIVO CON MALLA DE GALHINEIRO

PROYECCIÓN **MARCO (a Curtametraxe)**

OBRADOIRO **ABELARDO RENDO**

OBRADOIRO **DESEÑAR no LÍMITE (Entre o funcional e o simbólico .2)** PERSONALIZACIÓN DE MARCOS
CEN LITROS

OBRADOIRO **PIPA (Pintando PAicos)** | SORUSBYSEEK | MURAL EN COMUNIDADE, NO PALCO DA MUSICA DE SAN PEDRO

TEMPO DE **CONSTRUCIÓN E XOGO**

19:30H. CONVERSA **ARQUITECTURA e FOLCLORE** MODERACIÓN E CONTRA **QUICO CRODAVAL**
GUS COUTO | HISCO FEIJÓO | SUSANA SEIVANE | JULIA POZO
BAILADOR (e +) | CANTADOR (e +) | GHAITEIRA (e +) | CANTAREIRA (e +)

21:30H. CONCERTO **MINI-CAMPIÑOS, AS CAMPIÑAS, OS LAXEIROS**
música e baile da ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO
XISCO FEIJÓO (Traede Ferrallada)
SUSANA SEIVANE

DOMINGO 10

CASA FLORENCIA (SAN PEDRO DE SARANDÓN)

10:00H. LABINZO **taller 3: "EXAME DE CONCIENCIA"** GRUPO DE TRABAJO COORDINADO POR:
ARROKABE + CARLOS SEORNE + CREUS E CARRASCO + FUNDACIÓN RIA

ADREDE **APERTURA EXPOS ARTISTAS VARIOS**

OBRADOIRO **ARTIFICIOS I** TALLER DEMOSTRATIVO DE FABRICACIÓN DE ZOCOS
ZOQUERIA | ELENA FERRO |
PEGADA e FIO | RAQUEL ROGZ CALVIÑO | TALLER DEMOSTRATIVO DAS TECEDEIRAS GALEGAS
BORDADOS | NOBELO A NOBELO
CESTERIA | ARBOL

TEMPO DE **XOGOS POPULARES** CON ACUXUVE

12:30H. LABINZO **M.A.R.C.O. - MANIFESTO** LECTURA DE CONCLUSIÓNS DO "DUEBRAMILOS"

13:00H. **RADIO mar.COMUNITARIA (con TOURIÑAN)**
VECIN@S DE VEDRA | VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

14:00H. **OVERMÚking**
CAMPANTES DA BAÑA

14:30H. **XANTAR POPULAR**

ORGANIZA:

ASOCIACIÓN CULTURAL MARCO

ELO ESTUDIO DE ARQUITECTURA

COLABORAN:



MAIS INFO: f @festivalmarco | @festival_m.a.r.c.o



XV BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA O DOMINGO 3 DE MAIO CO CLUB RIBADOULLA



VEDRA-BOQUEIXÓN E.D. BASKET RIBADULLA. REUNIÓN ORGANIZATIVA TEMPADA 26-27 O MÉRCORES 20 DE MAIO ÁS 18:30 H NA CASA DO CONCELLO

■ A sección de baloncesto do Vedra-Boqueixón E.D. Basket Ribadulla propoñe crear as súas categorías inferiores de cara a vindeiras tempadas.

Con ese obxectivo oferta unha sesión semanal de adestramento gratuíta para as persoas entre os 8 e os 16 anos os venres de 18:00 a 19:00 horas no pavillón municipal no que queda de curso escolar.

...Agora toca o seguinte paso e definir quen formará parte desta proposta na tempada 26-27.

Para iso CONVÓCASE ESTA REUNIÓN ORGANIZATIVA O MÉRCORES 20 DE MAIO ÁS 18:30 HORAS NO SALÓN DE PLENOS MUNICIPAL.

Máis información no teléfono 981 814 691.

ASOCIACIÓN TERCEIRA IDADE “O BURGO”

- Programación de actividades para maio:
 - Excursión a La Bañeza-León- Cuevas de Valporquero. Os días 22,23 e 24 de maio.

LETRAS GALEGAS COA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

ROMARÍA ETNOGRÁFICA
RAIGAME
Vilanova dos Infantes (Celanova)

17 DE MAIO

PREZO
Socios: 15€
Non Socios: 20€

SAÍDA ÁS 09:30H DO CAMPO DA FESTA DE SARANDÓN

Deberase contar cun mínimo de 30 persoas
INSCRIPCIÓN ANTES DO 8 DE MAIO

1987
san campio ASOCIACIÓN CULTURAL
Teléfono: 642079012

■ XII SERÁN DAS LETRAS
A Asoc. San Campio celebrará as nosas letras o venres 15 de maio ás 19:00 h.
Toda a información nas súas redes sociais e na web municipal.

CONCERTO COA ASOC. CULTURAL “A CASA DA IRMANDADE” O 16 DE MAIO ÁS 22:00 H.

a casa da irmandade 16/5/26
asociación cultural Sta Cruz de Ribadulla
Vedra 22:00h
entrada inversa

URKO
metal/Compostela
presentando novo disco
“Capítulo II: A Semente do Caos”

MUSICA
981
Hardcore melódico/Compostela

Concello de Vedra

- Baile en liña todos os mércores de 17:00 a 18:00 horas na Casa da Cruza (San Xián).

Información e inscricións no teléfono 639 811 666.

IV TORNEO FÚTBOL 11 SUB 12 VEDRA – BOQUEIXÓN E.D. 2026 O 23 DE MAIO



TORNEO DE F-8 DO CD SAN MAMED 2026 30 DE MAIO PREBENXAMÍN, 31 DE MAIO BENXAMÍN e 6 DE XUÑO ALEVÍN



Parabéns

AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA POLO SEU SUBCAMPIONATO GALEGO DE DÚATLON CADETE-XUVENIL-JÚNIOR

■ Obtido o pasado mes de abril en Muros, nas categorías cadete, xuvenil e júnior. Un logro que conseguen por segundo ano consecutivo. O resultado fundamentouse na sólidas actuacións individuais dos membros do equipo, que sacaron a súa mellor versión en prol do obxectivo común. En júnior feminino Laura Rodríguez 5ª en feminina, mentres que en masculino Xandre Pomar foi 8º e Brais Otero 14º. En xuvenil feminina Julia Pereiras foi 8ª, Alejandra Rodríguez 14ª e mágoa da descualificación de Lucía Taboada, cando marchaba en postos moi avanzados. Na categoría xuvenil masculina Diego Barros ocupou o 23º posto. Xa na categoría cadete feminina Micaela Docampo foi 11ª, Iria Barros 12ª, Xiana de la Fuente 17ª e na masculina Isaac Otero 24º e Álvaro Iglesias 29º. Unha fantástica actuación, xa que ademais o equipo contaba con 6 baixas por diversos motivos.

Esta actuación deulle ao Olímpico de Vedra o subchampionato galego, soamente superados polo Inforhouse

Santiago e acompañados no terceiro posto do podio polo Triatlón Mar de Vigo. Segunda medalla de prata autonómica consecutiva na categoría na modalidade de dúatlon, onde foi ademais unha das escolas máis numerosas. Isto volve a ser unha mostra da posta en valor do traballo de base que leva anos desenvolvendo o club vedrés, cunha filosofía centrada no esforzo, a constancia e o compañeirismo, tratando de non anticipar etapas. Este éxito deixa claro que o Olímpico segue medrando e espéralle un futuro prometedor.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS